



UNIVERSIDADE  
DE SANTIAGO  
DE COMPOSTELA

REXISTRO XERAL

SAL. 002075 26.02.12 09:35

Á vista do escrito de don Faustino Gómez Rodríguez, Profesor Titular do Departamento de Física de Partículas, e responsable do **Laboratorio de Radiofísica**, da Universidade de Santiago de Compostela, polo que manifesta a súa disposición a recibir alumnos/as para a realización das prácticas do Master Universitario en Fotónica e Tecnoloxías do Láser, impartido na Facultade de Física, esta REITORÍA

-Considerando que o Laboratorio de Radiofísica arriba citado está integrado na Universidade de Santiago de Compostela.

-Considerando que é vontade da Universidade potenciar a realización de actividades de formación, especialización e prácticas no ámbito dos estudos de master, coa finalidade de contribuír a unha mellor e máis completa formación e cualificación do estudiantado.

#### RESOLVE

Autorizar a realización das prácticas alumnado do Master Universitario en Fotonica e Tecnoloxías do Láser nas instalacións do Laboratorio de Radiofísica que se realizarán conforme ao seguinte réxime:

- Durante o período non lectivo, as prácticas que realicen os alumnos/as constarán de 30 horas semanais. Durante o período lectivo a dedicación máxima será de 15 horas, salvo casos excepcionais. Computarase un crédito ECTS por cada vinte e cinco horas de prácticas, sen poder superar o límite de 300 horas, que establece o plano de estudos para estes efectos (máximo 12 créditos).
- Estas prácticas realizaranse no período que determine o Coordinador do Master de acordo coa Dirección do Laboratorio de Radiofísica e concretaranse nas convocatorias que faga a USC.
- Ningún alumno/a terá a posibilidade de prorrogar ou repetir as prácticas realizadas ao abeiro deste convenio.
- Estas prácticas non comportarán compensación económica algunha. O feito de que o alumnado realice prácticas no Laboratorio de Radiofísica non suporá ningún tipo de relación laboral coa Universidade nin determinará a existencia de ningunha responsabilidade pola súa parte.
- Os alumnos/as que van realizar as prácticas serán seleccionados consonte unha convocatoria que respectará os principios de publicidade, igualdade, obxectividade e mérito.
- A Comisión Académica do master, nomeará a un titor/a, que realizará o seguimento das prácticas dos alumnos. Así mesmo, o Laboratorio de Radiofísica nomeará a un titor/a deste centro que supervisará as prácticas realizadas polo alumno.
- Ao remate de cada período de prácticas cada un dos alumnos/as deberá realizar unha memoria final sobre o traballo realizado.
- A avaliación das prácticas realizaraa a USC a través do titor/-a, á vista da devandita memoria e do informe do titor/-a de prácticas do Laboratorio de Radiofísica.

- As prácticas soamente poderán ser avaliadas favorablemente se a ausencia do alumno/a non excede do 15% das horas programadas, ou o que determine a guía docente do programa de estudos.  
Se a avaliación da memoria é positiva e o informe da actuación do alumno/a favorable, o responsable do Laboratorio de Radiofísica emitirá por cada un dos estudantes que participaran con regularidade nas prácticas unha certificación na que debe constar o tempo de colaboración e as actividades, traballos de investigación ou avaliación, etc. realizados.  
A certificación deberá especificar que, para os efectos académicos, queda supeditada á avaliación que realice a USC das prácticas.
- Aqueles alumnos/as que teñan menos de vinte e oito anos seguen baixo a protección do seguro escolar. Non obstante, no caso de prácticas nas que conorra un risco excepcional, deberá contratarse un seguro de responsabilidade civil ou de accidentes

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2013

O REITOR



Juan José Casares Long

**SR. DECANO DA FACULTADE DE FISICA  
D. FAUSTINO GÓMEZ RODRIGUEZ, RESPONSABLE DO LABORATORIO DE RADIOFISICA  
Dª Mª TERESA FLORES ARIAS, COORDINADORA DEL MASTER  
SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA  
SRA. DIRECTORA DA OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA**